

**I RUTA DA  
MERLUZA DE  
BURELA (IX RUTA  
BTT DE BURELA)**

**Día 2 de Febreiro de 2014 ás 9:30 horas**

**Saída: Pavillón Vista Alegre**

**Chegada: Pavillón Vista Alegre**

**Organiza: CLUB CICLISTA BURELA**

**Colaboran:**

**Exmo. Concello de Burela**

**ABSA**

**Burelarte**



## I RUTA DA MERLUZA DE BURELA (IX RUTA BTT DE BURELA)

Esta rota, de 35 km., discorre polos montes de Burela e Cervo.

### **PERCORRIDO:**

Saída e chegada no Pavillón Vista Alegre. O percorrido transcorre polos montes das parroquias de Burela, Sargadelos e San Román. Estando debidamente sinalizado.

**Hora de saída:** 9:30 horas.

**Tempo aproximado:** 3:30 horas.





## R E G U L A M E N T O

**Art. 1** O C.C. Burela organiza, coa autorización da F.G.C., a **I Ruta da Merluza de Burela** o día **2 de Febreiro de 2014** para tódolos cicloturistas con licenza federativa en curso.

**Art. 2** É obrigatorio o uso de casco.

**Art. 3** A cota de inscrición será de **15 €** para os/as cicloturistas que teñan licenza federativa en vigor e de **27 €** para os/as que nona teñan, xa que se lles tramitará unha licenza dun día. O pago farase on line, coa pasarela de pago da web Champion Chip Norte ou por medio de transferencia bancaria ó número de conta 20800508170000100203  
A saída darase ás 9:30 horas no Pavillón Vista Alegre.

**Art. 4** Tódolos participantes están obrigados a respectar as disposicións da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos e Seguridade Vial, procurando circular pegados á dereita e pola beiravía, cando se circule por estrada.  
A circulación de vehículos a motor estará aberta en tódalas estradas polas que pasa a ruta polo que se terán que respectar as sináis de cada estrada poñendo especial atención nos cruces.

**Art. 5** A organización disporá dun vehículo que encabezará a marcha, así como dun vehículo vasoira, 2 avituallamentos completos, lavado de bicicletas e duchas ó finalizar a proba.

**Art. 6** En ningún caso os participantes poderán adiantar ó vehículo que abre a marcha, só a organización, se o considera necesario.

- Ó rematar a proba haberá unha comida (o custo da comida para os acompañantes será de 10 euros).
- Durante a comida faremos sorteos de agasallos donados por establecementos hostaleiros de Burela.

**Art. 7** É conveniente que todo participante vaia provisto de material para reparar pinchazos e pequenas avarías, para poder continuar a marcha.

**Art. 8** A inscrición na proba supón o coñecemento deste regulamento e o incumprimento do mesmo eximirá de toda responsabilidade civil ou doutro tipo ós organizadores.

A marcha considerámola de media dificultade.



**Club Ciclista Burela**

Apdo. de Correos, 67

Tlfo. 658 90 14 70

27880 Burela (Lugo)

Federación Galega de Ciclismo

Pola presente poñémonos en contacto con vostedes para facerlles chegar os informes da, **I Ruta da Merluza de Burela**, para solicitarlles a autorización da mesma para o día **2 de febreiro de 2014**.

Sen outro particular e esperando dita autorización, reciban un cordial saúdo.

Burela 24 de Decembro de 2013

O PRESIDENTE

Asdo. Manuel Yáñez Hermida

Federación Galega de Ciclismo